

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FERROL

##### Cultura

*Bases específicas que rexerán o concurso de comparsas participantes no Pasarrúas e Gala do Entroido, para os anos 2024 e 2025 no Concello de Ferrol*

#### **BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O CONCURSO DE COMPARSAS PARTICIPANTES NO PASARRÚAS E GALA DO ENTROIDO, PARA OS ANOS 2024 E 2025 NO CONCELLO DE FERROL**

1. O Concello de Ferrol realizará o Entroido o **luns día 12.02.2024 e 3 de marzo 2025** no centro da cidade.

As actividades previstas serán as seguintes :

- **Desfile-pasarrúas de comparsas** cuxo trazado e saída se determinará mediante resolución da concellería delegada, notificándose a todos os interesados.
- **Gala do Entroido.** Festival no que as comparsas desenvolverán a súa capacidade creativa nun escenario, cuxa situación e horario de inicio se determinará mediante resolución da concellería delegada, notificándose a todos os interesados.
- Levarase a cabo unha animación por rúas entre as diferentes comparsas, tanto durante como despois da gala, atendendo ás condicións climatolóxicas. Mediante a resolución da concellería referida no punto anterior fixarase a hora de finalización desta animación

En todo caso, a execución de estas actividades axustarase á normativa e protocolos sanitarios aplicables -no seu caso- no momento dos eventos, o que inclúe a propia suspensión dos mesmos de esixilo ou derivarse da citada normativa.

Co obxecto de promover unha das festas tradicionais máis celebradas no noso Concello e recuperar unha das prácticas máis populares destas datas, o Concello de Ferrol convoca **un concurso de Entroido para comparsas, grupos, parellas e persoas que de xeito individual participen no desfile-pasarrúas.**

2. As comparsas inscritas no concurso participaran no desfile e na gala do Entroido, (**un máximo de 15 comparsas**), previa presentación da folia de inscrición (Anexo I) no Rexistro xeral, nos termos e formas establecidos na lexislación vixente (Lei 39/2015 de Procedemnto administrativo, art. 16 e concordantes).

Tamén **poderán participar** no desfile-pasarruas os **grupos (un máximo de 6 grupos)** que estarán integrados por un mínimo de (8) oito persoas cada ún deles, **parellas (un máximo de 6)** e **persoas que participen de xeito individual (un máximo de 6)**, previa presentación da folia de inscrición, segundo corresponda (Anexo II, Anexo III e Anexo IV) no Rexistro xeral, nos termos antes indicados.

**O prazo de inscrición** será de 10 días naturais dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP. O criterio de admisión será o seguinte:

- *Terán preferencia* as comparsas, grupos, parellas e individuais que teñan o seu domicilio no Concello de Ferrol.
- *Rigorosa orde de entrada* da solicitude de participación no Rexistro xeral.

A organización reservarase o dereito á cancelación do evento no suposto de que non se acade o número mínimo de oito (8) comparsas participantes.

3. **As comparsas** participantes optarán aos premios en metálico, segundo a valoración do xurado nomeado para tal efecto, e que estará presente no lugar donde se desenvolva a Gala do Entroido. Os premios aos que se opta, serán os seguintes:

1º Premio	700 euros
2º Premio	690 euros
3º Premio	680 euros

Así mesmo cada un dos premios antes reflectidos implicará a entrega de un diploma acreditativo.

**Accesits por participar (si non se acada ningún premio específico)**

Cada comparsa percibirá a cantidade de: **670 euros**. Cada grupo, percibirá a cantidade de: **250 euros**. Cada parella, percibirá a cantidade de: **60 euros**. **Persoas que participan de xeito individual** percibirá a cantidade de: **40 euros**.

O pago destes premios en todas as modalidades realizarase mediante transferencia bancaria ao número de conta indicado na folla de inscrición e no documento oficial do Concello de Ferrol de “designación de conta bancaria e comunicación da baixa de datos bancarios”, (Anexo VI) sempre e cando cumpran cos requisitos establecidos.

4. Consideraranse como “**comparsas**” o grupo de persoas integrado por un número igual ou superior a dezasis (16) compoñentes **debidamente caracterizados e gardando unha unidade temática** na súa vestimenta e actuación. A simple uniformidade dos seus compoñentes non será considerado como “**caracterización**”. Corresponderá a organización deste evento a exclusión daquelas agrupacións que non cumpran estas normas, este mesmo criterio aplicarase aos grupos, parellas e individuais.

5. Todas as comparsas e grupos deberán estar **caracterizados axeitadamente** e preparadas para a súa participación, tanto no pasrúas-desfile coma na gala-festival, así como á disposición da organización deste evento nos horarios fixados por esta.

Por parte da organización se comunicará, tanto a orde de saída no desfile como a orde de actuación na gala, por calquera dos medios de notificación indicados na solicitude.

6. Cada comparsa deberá interpretar, ante o público e nas instalacións destinadas ao evento as súas cancións, que terán unha **duración máxima de 7 minutos**. As **letras** serán en **galego** e cada comparsa entregará no Concello (Negociado de Cultura-Festas) copia das cancións ou do guión das parodias a interpretar .

7. As comparsas poderán distribuír as letras das súas cancións entre os asistentes ao festival. Dado o carácter humorístico desta festa tradicional, o Concello de Ferrol non asumirá responsabilidade algunha acerca das letras, interpretacións e disfraces das comparsas participantes.

8. As comparsas, os grupos, parellas e individuais seleccionados participarán no desfile e na gala realizada. Permanecerán nas rúas da cidade, ambientando a zona, ata o remate das actuacións do festival.

9. A inscrición implica o total coñecemento das bases do concurso. O incumprimento dalgunha delas supón a descualificación e baixa do concurso.

10. O xurado terá en conta a orixinalidade, que deberán ter unha temática común en base a unha representación ou unha actuación musical. Valorarase a complexidade e dificultade na elaboración dos traxes, a vistosidade dos mesmos tanto en movemento como parado, a complexidade e orixinalidade do conxunto que deberá ir en concordancia co tema que se pretende mostrar.

A motivación do xurado respecto os parámetros antes referidos será suficiente e clara.

11. O xurado estará composto polo concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas que actuará como presidente. Terán a condición de vogais un representante de cada grupo municipal.

En todo caso, tanto o presidente como os vogais poderán delegar ditas funcións.

Actuará como secretario/a un funcionario/a da unidade administrativa á que lle corresponda a súa tramitación, que actuará con voz e sen voto e levantará acta do acaecido ao remate do concurso.

O xurado terá potestade para resolver calquera dúbida que poida xurdir no momento da votación dos premios.

13. Cada compoñente das comparsas ou grupos, parellas ou individuais inscritos, ademais da solicitude deberán presentar obrigatoriamente os anexos correspondentes que se achegan con estas Bases.

En todo caso, os beneficiarios dos premios -dada a súa natureza xurídica de subvención- deben estar ao corrente de pago das obrigas tributarias coa Facenda estatal, autonómica e local e coa Tesourería da Seguridade Social, así como al resto dos requisitos establecidos nos artigos 13 e 14 da Lei Xeral de Subvencións, salvo en aqueles aspectos nos que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicable, nos termos da disposición adicional décima da Lei xeral de subvencións.

14. O impulso, ordenación, instrución e resolución das cuestións que deriven das presentes bases, corresponderá ao concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas, en todo caso aplicarase de xeito supletorio o establecido na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol.

15. Os presentes premios son compatibles con calquera outro premio que puideran recibir as entidades e persoas premiadas na Gala do Entroido.

As presentes Bases serán publicadas no BOP e na páxina web do Concello así como os Anexos correspondentes.

16. Publicada as Bases procederase a aprobar a correspondente convocatoria polo concelleiro delegado de Festas así como a súa publicación, nos termos establecidos pola Lei Xeral de subvencións.

Ferrol, 17 de novembro de 2023

O xefe do servizo de Cultura, Educación, Deportes e Turismo,

Joaquín Martínez Cubero

**ANEXO I****FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN NO CONCURSO DE COMPARSAS DO ENTROIDO DO CONCELLO DE FERROL**

Desexamos participar no Concurso de Comparsas de Entroido do presente exercicio

Nome da Comparsa
DNI/CIF:
Data de constitución da comparsa como entidade ou asociación:
Enderezo:
Poboación
Código Postal:
Representante legal:
Data de nomeamento:
NIF:
Enderezo:
Poboación / C.P.
Teléfono de contacto: Correo electrónico:

**Características da comparsa participante:**

Temática da comparsa: .....

Título da comparsa:.....

En caso de que haxa participantes menores deberán cumprimentar o **ANEXO VIII** (autorización expresa en caso de menores de idade).

O/a que asina é coñecedor e acepta as Bases específica que rexen o desfile-pasarrúas e o concurso de Comparsas do Entroido do Concello de Ferrol.

Ferrol, ..... de .....de.....

Sinatura do representante da comparsa,

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL**

**ANEXO II****FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN PARA O DESFILE-PASARRUAS DE GRUPOS NO ENTROIDO**

Desexamos participar no desfile-pasarruas do Entroido do presente exercicio

Nome do grupo:
DNI/CIF:
Enderezo:
Poboación/C.P.
Teléfono de contacto:
Representante:
Data de nomeamento:
NIF:
Enderezo:
Poboación/C.P.:
Teléfono de contacto:
Correo electrónico:

**Características do grupo participante:**

Nome do grupo: .....

Temática do grupo: .....

Número de integrantes: .....

En caso de que haxa participantes menores deberán cumplimentar o **ANEXO VIII (autorización expresa en caso de menores de idade)**.

O/a que asina é coñecedor e acepta as Bases específica que rexen o desfile-pasarrúas e o concurso de Comparsas do Entroido do Concello de Ferrol.

Ferrol, ..... de .....de.....

Sinatura de todos os integrantes do grupo

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL**

**ANEXO III****FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN PARA O CONCURSO DE PARELLAS DO ENTROIDO-****Desexamos participar no concurso de PARELLAS do Entroido do presente exercicio**

Denominación da Parella:
Temática da parella:
Nome e apelidos do 1º integrante
NIF:
Nome e apelidos do 2º integrante
NIF
Enderezo:
Poboación:
Código Postal:
Teléfonos de contacto (dos dous)
Correos electrónicos(dos dous):

En caso de que haxa participantes menores deberán cumprimentar o **ANEXO VIII (autorización expresa en caso de menores de idade)**.

O/a que asina é coñecedor e acepta as Bases específica que rexen o desfile-pasarrúas e o concurso de Comparsas do Entroido do Concello de Ferrol.

Ferrol, ..... de .....de .....

Sinatura dos dous integrantes da parella concursante,

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL**

**ANEXO IV****FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN PARA O CONCURSO INDIVIDUAL do ENTROIDO****Desexo participar no concurso Individual do Entroido do presente exercicio**

Denominación:
Nome e apelidos do integrante
Temática:
NIF:
Enderezo:
Poboación:
Código Postal:
Teléfono de contacto:
Correo electrónico:

En caso de que haxa participantes menores deberán cumprimentar o **ANEXO VIII** (autorización expresa en caso de menores de idade).

O/a que asina é coñecedor e acepta as Bases específica que rexen o desfile-pasarrúas e o concurso de Comparsas do Entroido do Concello de Ferrol.

Ferrol, ..... de .....de ....

Sinatura do participante,

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL**

## ANEXO V

## DECLARACIÓN RESPONSABLE DE REUNIR TODAS AS CONDICIÓN INDISPENSABLES PARA PARTICIPAR NO CONCURSO DE COMPARSAS DO ENTROIDO DO CONCELLO DE FERROL

Don/a .....

DNI .....

Actuando en representación da entidade.....

CIF .....

Enderezo: .....

## Declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que a entidade á que represento ou as persoas físicas participantes, no caso de grupos, parellas ou persoas participantes de xeito individual, esta ao corrente no cumprimento das súas **obrigas tributarias** e coa **Seguidade Social** e cumpren os requisitos para obter a condición de beneficiario, nos termos establecidos na Lei xeral de Subvencións, así como comprométense a manter esta situación durante todo o prazo de tramitación do expediente, e autoriza ao concello a comprobar, no seu caso a veracidade do declarado.

E para que así conste e surta os efectos oportunos asino a presente en

Lugar, data e sinatura do representante:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

## ANEXO VI

## DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA E COMUNICACIÓN DA BAIXA DE DATOS BANCARIOS

<b>DATOS DO ACREADOR</b>	Nome ou denominación social			DNI
	Enderezo para efectos de notificación			Concello
	Código Postal	Teléfono 1	Teléfono 2	E-mail

<b>DATOS</b>	Datos do representante	
	Nome	NIF
	Deberá achegar fotocopia compulsada de acreditación de representación	

<b>SOLICITUDE</b>	Solicito · Alta de datos bancarios · Baixa de datos bancarios				
	IBAN	Código entidade	Código sucursal	D.C.	Número de conta
	ES				

<b>CUBRIR POLO BANCO</b>	Certifico, por petición da persoa citada no apartado Datos do acreedor e para efectos da domiciliación, a existencia da conta sinalada no apartado Alta de datos bancarios aberta a nome do titular que figura no apartado Datos do acreedor	
	Selo da entidade de crédito	Pola entidade de crédito  Asinado

<b>SINATURA</b>	Data da solicitude	Sinatura da persoa acreedora ou representante
	Código da solicitude	

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

**ANEXO VII****DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO DA NORMATIVA NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES QUE IMPLIQUEN CONTACTO CON MENORES**

Don/a .....  
con DNI núm..... como responsable da comparsa/grupo denominada/o .....  
..... cumpro os requisitos previstos no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996 de protección xurídica do menor.<sup>1</sup> e nos termos e alcance do establecido no artigo 69 de Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Ferrol, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

<sup>1</sup> Artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor indica textualmente que: "Será requisito para el acceso y ejercicio a las profesiones, oficios y actividades que impliquen contacto habitual con menores, el no haber sido condenado por sentencia firme por algún delito contra la libertad e indemnidad sexual, prostitución y explotación sexual y corrupción de menores, así como por la trata de seres humanos. A tal efecto, quien pretenda el acceso a tales profesiones, oficios o actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante la aportación de una certificación negativa del Registro Central de delincuentes sexuales".

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL**

